

## Lista de 55 cousas que os seres humanos atoparán na narrativa de Xavier Queipo

Carlos Negro Praza Pública 19/08/14

1. Un frasco ateigado da apócema da curiosidade
2. Cartas de navegación por océanos imaxinarios e illas maravillosas
3. Peixes saltóns de lama
4. Salmodias rituais a Kresoún Minogo, sosegador de malignos
5. Unha lanterna chinesa co deseño dun dragón quimérico
6. O diario do comandante Alistair Duncan, atopado nunha libraría de vello de Edimburgo
7. Unha edición lisboeta de 1916 de Heart of Darkness, con ilustracións en branco e negro
8. Chuvias de furor tropical, violentas e sen sosego
9. Ecos de linguas mesturadas, musicais e caóticas
10. Unha cita de Pascal Quignard: “O pasado é un corpo enorme en que o presente é o ollo; ese corpo soña”
11. Viaxes innúmeras, imaxinarias ou non
12. Personaxes en mutación e tránsito
13. Ao vello Simbad sentado nunha baiuca do porto de Ormuz
14. Un borrador para unha tese de doutoramento titulada Da sensualidade descritiva na observación dos insectos domésticos
15. Cínfanos heterodoxos
16. Cheiro a pel de foca a podreecer na bodega dun barco en Grenlandia
17. Un atlas da imaxinación
18. Un vento que xea as entrañas, metáfora da culpa
19. Singraduras simbólicas por paisaxes circulares
20. Un caderno de bitácora sobre as obsesións que rabuñan o cerebro
21. Cartas da familia para os mariñeiros nos Bancos de Terranova
22. Unhas notas e comentarios sobre a extinción dos caracois de terra na illa de Santa Helena, tal como a conta Charles Darwin no relato da viaxe do Beagle
23. Moscas sen ás nas illas Kerguelen
24. Recendos e sabores de todos as prazas de abastos do mundo
25. Un tratado de entomoloxía recreativa
26. Unhas hipotéticas indicacións para manexar unha gadaña tal como Antón o Careto explicou unha tarde de calor na Porta dos Mariños, aldea de Pazos, freguesía de Iria Flavia, concello de Padrón
27. Unhas necesarias instrucións para fritir correctamente os pementos de Herbón
28. O fulgor do sol de medianoite
29. Memorias, é dicir, catálogos íntimos de perdas e saudades

30. Unha noite de cámping nas illas Cíes, cando o tempo aínda non pasaba tan axiña
  31. Exercicios de estilo como brincadeiras de neno
  32. Citas a pé de páxina, ficticias ou non
  33. Recreacións de xeografía
  34. Encontros sexuais con complicidade exploratoria
  35. Un paseo pola praia da Lanzada, xogando coas ondas na beiramar
  36. Unha caixa de puros habanos enviada por barco desde Cuba a Vigo
  37. Un ecosistema da diversidade (á marxe de dogmas aceptados como universais)
  38. Unha biblioteca que se abre cara a un xardín con morcegos
  39. Textos escritos con cincuenta e cinco sentidos (polo menos)
  40. Soños anfibios
  41. Unha bolboreta que se detén a libar na cunca dos beizos dunha flor
  42. O río Ulla e a cima do Castelo, paraísos que se cadra xa non existen
  43. Os ríos fedorentos de Compostela, aínda contaminados
  44. Cromos de chokolatinas
  45. Viaxes que nos fan fuxir de nós mesmos, lonxe do turismo devorador
  46. Dúvidas e incertezas propias da condición humana
  47. Unha lectura no autobús de Omeros, de Derek Walcott
  48. O rexistro caligráfico dos artellos impregnados en tinta dun escaravello da pataca sobre a superficie do papel en branco
  49. Territorios inexplorados máis alá do fanatismo
  50. Observacións de campo sobre o apareamento dos escornabois
  51. Luras recheas de chile e garoupa con cogomelos hidratados
  52. Unha lectura atenta (e irónica) das preguntas do Parlamento europeo
  53. Ciencia e fantasía, como dúas caras da mesma moeda
  54. Unhas pingas dos pesadelos de Kafka
- e, sobre todo,
55. Literatura (sen necesidade de ningún adxectivo)